



**SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO  
AMBIENTE, S.A.**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**



## **I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2015 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO**

### **I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO**

Sogama é unha empresa pública, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Gas Natural FENOSA Renovables, S.L.U. que se crea no ano 1992 co obxecto de levar a cabo a loxística e tratamento dos residuos urbanos daqueles concellos galegos que voluntariamente decidan adherirse ao seu sistema de xestión. A día de hoxe a Sociedade presta o seu servizo a un total de 297 municipios, representando unha poboación atendida de aproximadamente 2.316.642 habitantes. Para levar a cabo a súa actividade industrial, a entidade conta cunha infraestrutura formada por unha rede de 20 plantas de transferencia que, distribuídas polo conxunto do territorio galego, encárganse de transvasar os residuos procedentes da recollida domiciliaria a colectores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por tren ou estrada, ata o Complexo Ambiental de Cerceda. Neste, os residuos reciben un tratamento conforme ás súas características, seleccionando a parte susceptible de ser reciclada e valorizando enerxéticamente a fracción non reciclable.

O orzamento do ano 2015 fíxose tendo en conta as premisas e condicionantes previstos na revisión do Plan de Viabilidade da Sociedade para os anos 2014 a 2022.

De cara ao exercicio 2015, fórmase a necesidade de seguir mantendo os esforzos da Sociedade cara ao que é o obxecto social fundacional desta: a xestión dos residuos. Todo iso con dous obxectivos: minimizar o impacto ambiental causado pola actividade da sociedade e lograr a maior eficiencia económica nun momento de crise como o actual. En definitiva, prestar o mellor servizo público posible co menor custo económico e ambiental, tratando de ser un instrumento útil na xestión ambiental da Administración Autonómica coas funcións que neste momento ten encomendadas e aquelas outras que nun futuro lle poidan ser atribuídas.

Un dos grandes retos da Sociedade no ano 2015 é a posta en marcha de dúas novas plantas, unha delas de recuperación de materias valorizables presentes na fracción resto, que permita incrementar de xeito importante a valorización material e, por outro lado, a posta en marcha dunha planta de compostaxe cunha capacidade de 15.000 Tm.

A necesidade de poñer en marcha as citadas instalacións foi contemplada na adenda de actualización do PXRUG de Galicia 2010-2020 de 31 de xullo de 2014.

#### ***I.1.1. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS***

Xestionar os residuos dos concellos adheridos a Sogama co menor custo medioambiental e económico.

### **I.1.2. MEDIDAS, ACTUACIÓNS E INDICADORES**

1.- Mellorar o número de toneladas procesadas no CMC minimizando, xa que logo, as toneladas depositadas no vertedoiro.

2.- Mellorar a produción de enerxía eléctrica na PTE incrementando, na medida do posible, a dispoñibilidade da planta.

3.- Mellorar o funcionamento da PRTE tanto na produción de CDR como a calidade do mesmo.

4.- Mellorar a eficiencia na recuperación de envases lixeiros provintes da bolsa amarela.

5.- Continuar a desgasificación do vertedoiro de Areosa mantendo a valorización do biogás producido, por tanto, a produción de enerxía eléctrica.

6.- Manter unha programación estable de actividades adicadas a educación ambiental, especialmente o fomento das tres R e a compostaxe doméstica.

7.- Posta en marcha dunha planta de recuperación de materiais valorizables presentes na fracción resto.

8.- Posta en marcha dunha planta de compostaxe que permita tratar residuo orgánico procedente da recollida selectiva.

## **I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO**

### **I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN INGRESOS**

A continuación descríbense as hipóteses de partida utilizadas na elaboración do orzamento de ingresos para o ano 2015 por un importe de 110.259.559,52 euros co seguinte desgrego:

| <b>CONCEPTO</b>  | <b>EUROS</b>   |
|--|----------------|
| IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS                                | 106.158.157,25 |
| VENDAS   | 46.856.583,56  |
| PRESTACIÓN DE SERVIZOS   | 59.301.573,69  |
| OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN                                   | 476.000,00     |
| INGRESOS ACCESORIOS E OUTROS DE XESTIÓN CORRENTE                 | 476.000,00     |
| SUBVENCIONS DE EXPLOTACIÓN INCORPORADAS Ó RESULTADO DO EXERCICIO | 0              |
| IMPUTACIÓN DE SUBVENCIONS DO INMOVILIZADO NON FINANCIRO E OUTRAS | 2.944.244,00   |

|                        |                       |
|------------------------|-----------------------|
| EXCESOS DE PROVISIONES | 600.000,00            |
| INGRESOS FINANCIEROS   | 81.158,27             |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>  | <b>110.259.559,52</b> |

## VENDAS E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS

Ingresos por vendas netas

- Ingresos por venda de enerxía eléctrica.

Realizouse unha estimación dos prezos de venda de enerxía eléctrica para cada unha das instalacións de produción a partir da situación actual do mercado eléctrico e as previsións existentes para o ano 2015.

| INGRESOS POR VENDA DE ENERXÍA   | EUROS                |
|---|----------------------|
| ENERXÍA DA PLANTA TERMOELÉCTRICA  | 33.068.121,36        |
| ENERXÍA DA PLANTA COGENERACIÓN (venta directa)                            | 7.264.190,81         |
| ENERXÍA DA PLANTA COGENERACIÓN (venta de enerxía dos Servizos Auxiliares) | 5.940.908,46         |
| ENERXÍA DA PLANTA DE BIOGÁS   | 583.362,94           |
| <b>TOTAL ORZAMENTO DE ENERXÍA ANO 2014</b>                                | <b>46.856.583,56</b> |

Considerouse que durante o ano 2015 os ingresos da venda da enerxía eléctrica basease por un lado na vixente Orde IET/1045/2014, de 16 de xuño, orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeneración e residuos, e por outro lado, os ingresos procedentes da retribución do mercado eléctrico cun prezo medio anual de 4,4 Cent EURO/kWh.

A nova norma regulatoria, RD 413/2014, de 6 de xuño e o desenvolvemento posterior establecido na Orde Ministerial IET/1045/2014, de 16 de xuño recollen as condicións para garantir unha rendibilidade razoable durante a vida operativa de cada proxecto, que han de ser suficientes para cubrir os custos de inversión e custos operativos nos que podería incurrir unha instalación eficiente para xerar beneficios. Estas cuestións, así coma o maior prazo de vida regulatoria que pasa a ser de 25 anos en lugar dos 15 anos establecidos ata a data, a partir da cal deixábase de percibir a parte dos ingresos correspondentes as primas e incentivos, fan que o proxecto manteña durante 10 anos (2016-2026) máis unha certa estabilidade nos ingresos a través da venda da enerxía producida. Aínda que segue estando presente a incerteza provocada pola posible revisión e actualización dos parámetros retributivos ó finalizar cada período retributivo.

Neste sentido, estimase unha diminución dos ingresos do 4,20% con respecto ao importe orzamentado no exercicio 2014, sendo o efecto moi distinto para cada unha das instalacións produtoras de enerxía:

| Ingresos por venta de enerxía              | % de variación con respecto a LP to 2014 |
|--|--|
| Enerxía da Planta Termoelectrica           | 6,28%                                    |
| Enerxía da Planta Cogeneración             | -20,24%                                  |
| Enerxía da Planta de Biogás                | -53,00%                                  |
| <b>Total Orzamento de enerxía ano 2015</b> | <b>-4,20%</b>                            |

Por outro lado, os desvíos entre a enerxía programada e a realmente vendida estimáronse baseándose na experiencia de anos anteriores en Sogama.

Así mesmo, realizouse unha estimación dos parámetros principais de dispoñibilidade, produción bruta e produción neta.

Orzamentouse o funcionamento de 5 dos 6 motores da PCOG en aras de cumprir e mellorar o Rendemento Eléctrico Equivalente desta instalación.

Coas devanditas hipóteses, a enerxía neta total producida no exercicio estímase en 135.738 MWh na PCOG e 331.406 MWh na PTE.

Por outra parte, para a planta de aproveitamento do biogás procedente do vertedoiro de Areosa, orzamentáronse 12.077 MWh, valor este estimado baseándose na previsión de incremento na captación de gas nos vasos selados.

○ ingreso total por venda de enerxía ascende a 46.856.583,56 euros no ano 2015.

Ingresos por prestación de Servizos.

- Ingresos por Canon de tratamento de Residuos Urbanos.

Á cantidade de residuos a tratar, calcúlase en base a unha proxección baseada en cantidades reais xestionadas no período xaneiro - xullo de 2014, durante o cal xestionáronse mais toneladas das orzamentadas no ano 2014 para ese mesmo período, en base ao anterior estímase un incremento do 0,165% con respecto a previsión de peche do ano 2014. Todo iso supón un total de 777.301 t xestionadas para o ano 2015.

- Ingresos por recollida e clasificación de envases lixeiros.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose que SOGAMA recibirá no ano 2015 unhas 20.463 t de residuos de envases.

Así mesmo, espera chegar á cifra de 8.507 t anuais de metais férricos recuperados na Planta de Reciclaxe, Tratamento e Elaboración de Combustible (PRTE) procedentes da bolsa negra e 200 t de aluminio, 3.950 t de aceiro residual así como 25.000 t de vidro.

○ orzamento de ingresos totais por estes conceptos ascende a 6.203.229,97 euros no 2015.

- Ingresos por recuperación de vidro.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose que SOGAMA recuperará no ano 2015 unhas 25.000 t de vidro. Esta activade iniciada a finais do ano 2013 estimase que reporte uns ingresos de 879.375,00 euros no exercicio 2015.

Outros ingresos de explotación

- Repercusión de gastos a provedores.

Este capítulo recolle os gastos realizados por Sogama, que se repercuten a distintos provedores, segundo os contratos en vigor: consumo de enerxía, teléfonos, seguro de instalacións, etc. e outros ingresos.

Todos estes conceptos estímense nun importe de 476.000,00 euros.

- Aplicación das provisiones (Outros).

Previuse realizar unha aplicación de 600.000,00 euros da provisión realizada en exercicios anteriores para a depuración dos lixiviados procedentes das fases seladas do vertedoiro. Este ingreso ten a súa contrapartida no apartado de gastos correspondentes á depuración de lixiviados do vertedoiro de Areosa.

## SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS

Desagreganse a continuación os importes das subvenciones de explotación recibidas.

| SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN<br>RECIBIDAS | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIONS  |
|--|-------------|-------------|-------------|
|  | 2013        | 2014        | 2015        |
| DO ESTADO                                | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DA COMUNIDADE AUTÓNOMA                   | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DA UNIÓN EUROPEA                         | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> |

Imputación de subvenciones de inmovilizado non financeiro e outras

Traslado a Resultados Subvenciones de capital (Outros).

Este capítulo de ingresos refírese basicamente á periodificación das subvenciones de capital obtidas para a construción do Complexo (Fondo de Cohesión da UE), para a construción da Planta de tratamento de residuos animais (Xunta de Galicia), para a implantación de medidas ambientais da Planta de Transferencia de Vigo (Concello) e pola subvención para a construción da planta de transferencia de Sarria e a ampliación de capacidade doutras catro plantas de transferencia.

Estímase un importe total de 2.944.244,00 euros para o ano 2015..

Ingresos financeiros

Ingresos Financeiros de valores negociables e outros instrumentos financeiros (Xuros).

Orzáméntase unha cantidade de 81.158,27 euros, que se obteñen da remuneración da conta ao servizo da débeda, de acordo ao establecido no contrato de "Project Finance".

## GASTOS

O orzamento de Gastos realizouse baseándose nas necesidades de subministracións, transporte, operación e mantemento das instalacións para os réximes de funcionamento descritos e de acordo cas cantidades de residuos e enerxía que se prevé xestionar no ano 2015. O importe total de gastos se establece en 107.687.672,71 euros co seguinte desgrego:

| CONCEPTO   | EUROS                 |
|--|-----------------------|
| GASTOS DE PERSONAL                               | 1.302.317,57          |
| APROVISIONAMIENTOS                               | 923.179,21            |
| OTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN                      | 93.206.337,62         |
| SERVIZOS EXTERIORES                              | 87.292.090,57         |
| TRIBUTOS   | 4.553.747,06          |
| VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS POR OPERACIÓN CORRENTES | 850.000,00            |
| OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTE                | 510.500,00            |
| AMORTIZACIÓN DO INMOVILIZADO                     | 10.119.112,44         |
| SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE             | 0,00                  |
| GASTOS FINANCEIROS                               | 2.136.725,87          |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                              | <b>107.687.672,71</b> |

Descríbense, a continuación, os aspectos fundamentais de cada un dos capítulos.

## GASTOS DE PERSOAL

O orzamento de gastos de persoal de Sogama desenvolveuse para o ano 2015, baseándose nos custos de equipo que xorden do actual cadro de persoal.

No custo total do ano 2015 inclúese o custo correspondente a unha praza que actualmente se atopa vacante, con dotación orzamentaria e que non foi amortizada. Igualmente, esta praza estivo vacante durante todo o exercicio 2014, polo que, o custo estimado de peche 2014 é inferior ao custo que orzamentouse no seu día.

Igualmente, como en anos anteriores, considéranse dúas partidas que resultan necesarias para dar cobertura a contingencias de horas extras e formación oficial regulada. O peche anual de ambas as dúas partidas resulta finalmente inferior ao orzamentado.



Tendo en conta que non se producirá incremento salarial durante o exercicio, salvo a remuneración por antigüidade a quen lle corresponda segundo Convenio Colectivo de aplicación.

O orzamento de gastos de persoal para o ano 2015 por este concepto ascende a 1.302.317,57 €, supoñendo unha diminución dun 0,84% respecto ao orzamento de gastos de persoal para o ano 2014.

| GASTO PERSONAL |      | Nº EMPREGADOS | % VARIACIÓN ANUAL | CUSTO TOTAL  | % VARIACIÓN ANUAL | CUSTO MEDIO | % VARIACIÓN ANUAL |
|----------------|------|---------------|-------------------|--------------|-------------------|-------------|-------------------|
| REAL           | 2013 | 25,34         | -                 | 1.245.062,00 | -                 | 49.134,25   | -                 |
| ESTIMADO       | 2014 | 24            | -5,29%            | 1.226.344,73 | -1,50%            | 51.097,70   | 4,00%             |
|                | 2015 | 25            | 4,17%             | 1.302.317,57 | 6,20%             | 52.092,70   | 1,95%             |

### SERVIZOS EXTERIORES

O orzamento de servizos exteriores ascende a 86.832.090,57 € e representa unha variación do -0,69 % con respecto a estimación de peche do ano 2014.

#### SERVIZOS EXTERIORES

| SERVIZOS EXTERIORES |                     | REAL                 | ESTIMADO             | PREVISIÓN            |
|---------------------|---------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| CÓDIGO              | DESCRIPCIÓN         | 2013                 | 2014                 | 2015                 |
|                     | Servizos exteriores | 84.996.902,00        | 87.895.023,31        | 87.292.090,57        |
| <b>TOTAL</b>        |                     | <b>84.996.902,00</b> | <b>87.895.023,31</b> | <b>87.292.090,57</b> |

O desagregado principal dos servizos exteriores en euros no ano 2015 detállase a continuación:

| Desglose de Servicios Exteriores<br>Presupuesto 2015   | Euros                |
|--|----------------------|
| O &M P lanta Termoelectrica y P lanta de Cogeneración  | 15.275.744,83        |
| Com bustibles  | 15.216.623,68        |
| Transporte BN+BA                                       | 14.454.434,91        |
| O &M PRTE  | 13.812.010,87        |
| O &M Vertedero Areosa                                  | 6.767.625,00         |
| ENERG IA SSAA  | 4.730.473,56         |
| Servicios exteriores Transferencia de Residuos Urbanos | 3.964.234,32         |
| Resto de Servicios Exteriores                          | 3.746.021,83         |
| Servicios exteriores Depuración de aguas               | 2.904.515,40         |
| Servicios exteriores Consumo de aditivos               | 2.447.680,78         |
| Servicios exteriores. Selección de envases ligeros     | 1.541.856,91         |
| Serv. Exteriores Secretaría General                    | 987.097,20           |
| Serv Exteriores: Recuperación vidrio                   | 501.243,75           |
| Clausura vertedero                                     | 460.000,00           |
| O &M Biogas  | 482.527,53           |
| <b>Total Servicios Exteriores</b>                      | <b>87.292.090,57</b> |

NOTA: O&M refírese ao contrato de Operación e Mantemento

As partidas que maiores variacións sufriron con respecto ao estimación de peche do orzamento 2014 son as seguintes:

A operación e Mantemento de Areosa descende con respecto ao peche do ano 2014 nun -21,90% debido principalmente a execución no ano 2014 das obras de selado definitivo das fases II e III do vertedoiro, cun importe de 1,5 millóns de euros.

Incrementase o gasto de depuración de lixiviados nun 11,31% con respecto a previsión de peche do ano 2014. Debido fundamentalmente a mellora do rendemento e capacidade de tratamento dos equipos de depuración por osmose inversa, o cal incrementa o volume de permeado vertido o canle.

No caso dos combustibles (gas para a Planta de Coxeración, principalmente) tívose en conta a evolución dos prezos de gas actuais, ligados á evolución dos prezos do petróleo e tipo de cambio euros/\$ resultando unha previsión de aumento do 2,34 %.

Os custos da recuperación do vidro aumentan en un 56,39% con respecto ao peche do ano 2014 debido a maior recuperación de material estimada para este exercicio, cifrada en 25.000tn/ano.

A Operación e mantemento da planta de aproveitamento de biogás, no vertedoiro de Areosa, diminúe o seu importe en un 34,84% para ter en conta as repercusións da nova regulación de prezos da enerxía, RD 413/2014, de 6 de xuño e Orde IET/1045/2014, de 16 de xuño.

#### APROVISIONAMENTOS

Neste apartado recóllense as compras de enerxía que teñen lugar con motivo da participación no mercado eléctrico (compras e desvíos).

No orzamento para o ano 2015 estes aprovisionamentos ascenden a 923.179,21 euros.

#### TRIBUTOS

Orzaméntanse neste capítulo os tributos aos que debe facer fronte a Sociedade no normal exercicio da súa función. Deste modo, recolleuse para todas as instalacións, no ano 2015, o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), e a taxa xirada polo Concello de Cerceda, considerada no Convenio subscrito con este en febreiro de 2006 e da adenda asinada con data 1 de outubro de 2008 e 2013. Orzaméntase ademais o importe relativo a tasa por peaxes de acceso a rede, inclúese neste apartado o imposto sobre a produción eléctrica que representa un 7% do ingreso por venda de enerxía e o importe sobre a produción de hidrocarburos da planta de biogás. O importe total deste epígrafe orzaméntouse para o ano 2015 un importe de 4.553.747,06 euros.

#### VARIACIONES DAS PROVISIONS POR OPERACIÓNS CORRENTES

Inclúese unha dotación para a provisión pola clausura e selado das fases do vertedoiro de Areosa que estiveron en explotación por un importe total de 850.000,00 euros.

#### OUTROS GASTOS DE GESTIÓN CORRENTE

Inclúese unha partida con un orzamento de 510.500,00 euros para atender outros gastos de xestión.

### **DOTACIÓNS PARA AMORTIZACIÓNS**

Orzamentáronse 10.119.112,44 euros para o ano 2015, o que representa que non existe variación con respecto ao exercicio 2014.

### **SUBVENCIONES CONCEDIDAS PÓLA ENTIDADE**

Non se orzamenta ningún importe neste epígrafe.

| SUBVENCIONES CONCEDIDAS                        | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIÓN   |
|--|-------------|-------------|-------------|
| AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONES/OBXECTIVOS | 2013        | 2014        | 2015        |
|  | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL</b>                                   | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> |

### **GASTOS FINANCIEROS**

Neste capítulo, orzaméntanse os gastos correspondentes aos xuros dos empréstitos operativos da sociedade.

○ cálculo dos xuros de empréstitos e créditos realizouse aplicando ás cantidades pendentes de amortizar no exercicio 2015, que ascenden a 33.653.774,69 euros ao inicio do exercicio ("contrato de Project Finance") e 25.729.328 € (contrato de débeda subordinada), estableceuse un Euribor medio de 0,730% así como un diferencial medio de 1%. Adicionalmente, consideráronse uns gastos financeiros de 517.500,00 euros asociados a nova planta de recuperación de materiais valorizables a partir da fracción resto no Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC).

○ importe anual previsto para o ano 2015 ascende a 2.136.725,87 euros.

### **RESULTADO DO EXERCICIO**

Nas condicións indicadas no presente documento, obtense un beneficio antes de impostos de 2.571.886,81 euros. A cota do imposto de sociedades prevíuse por un importe de 795.914,00 euros obténdose un beneficio despois de impostos de 1.775.972,81 euros.

## 1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL ORIXES

Os investimentos previstos no ano 2015 van ser financiados por un lado, con novo endebedamento e por outro lado, coa tesouraría xerada pola Sociedade, sempre que se obteña un índice de cobramento anual aos Concellos no ámbito do 100% da facturación

### SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS.

Detállanse a continuación as apartacións patrimoniais no orzamento.

| APORTACIÓNS PATRIMONIAIS<br>RECIBIDAS | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIÓN   |
|---------------------------------------|-------------|-------------|-------------|
|                                       | 2013        | 2014        | 2015        |
| DO ESTADO                             | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DA COMUNIDADE AUTÓNOMA                | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)       | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL</b>                          | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> |

### APORTACIÓNS PATRIMONIAIS

Detállanse a continuación as apartacións patrimoniais no orzamento.

| APORTACIÓNS PATRIMONIAIS<br>RECIBIDAS | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIÓN   |
|---------------------------------------|-------------|-------------|-------------|
|                                       | 2013        | 2014        | 2015        |
| DO ESTADO                             | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DA COMUNIDADE AUTÓNOMA                | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)       | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL</b>                          | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> |

### FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO

Detállanse a continuación os importes da financiación allea a longo prazo no orzamento.

| PRÉSTAMOS E CRÉDITOS A LONGO<br>PRAZO RECIBIDOS | REAL | ESTIMADO | PREVISIÓN    |
|---|------|----------|--------------|
|   | 2013 | 2014     | 2015         |
| DO ESTADO                                       | 0,00 | 0,00     | 0,00         |
| DA COMUNIDADE AUTÓNOMA                          | 0,00 | 0,00     | 0,00         |
| PRÉSTAMOS DE OTRAS ENTIDADES                    | 0,00 | 0,00     | 2.300.000,00 |

| PRÉSTAMOS E CRÉDITOS A LONGO<br>PRAZO RECIBIDOS | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIÓN           |
|---|-------------|-------------|---------------------|
|   | 2013        | 2014        | 2015                |
| <b>TOTAL</b>                                    | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>2.300.000,00</b> |

En canto ao endebedamento alleo a longo prazo esta previsto a súa diminución a longo do ano 2015. Por un lado diminúe debido a amortización anual do préstamo formalizado pola entidade no ano 2003 vía project finance, a cota anual de amortización ascende a 8.413.443,68 euros aínda que por outro lado aumenta, en menor contía, coa formalización dun préstamo para o financiamento do inmovilizado relativo a planta de recuperación de materiais valorizables a partir da fracción resto por importe de 2.300.000 euros.

### DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

No exercicio 2014 a Sociedade prevé un resultado cunha ganancia de 3.554.158,43 euros. Este resultado aplicase a dotar reservas e a compensar as perdas de exercicios anteriores, tal e como se estableceu no Plan de Viabilidade 2013-2022 elaborado co fin de garantir a viabilidade económico financeira da compañía a longo prazo, que foi revisado pra incluír os efectos da nova regulación da venta de enerxía.

Xúntase o desagregado da distribución do resultado do exercicio 2013 e a previsión da distribución para o ano 2014.

| DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS                             | 2013                | 2014                |
|--|---------------------|---------------------|
| <b>Base de reparto:</b>                                |                     |                     |
| Resultados, neto de impostos                           | - 614.037,45        | 3.554.158,43        |
| Remanente de exercicios anteriores                     | 0,00                | 0,00                |
| Outros conceptos (especificar)                         | 0,00                | 0,00                |
| <b>Total</b>   | <b>- 614.037,45</b> | <b>3.554.158,43</b> |
| <b>Distribución:</b>                                   |                     |                     |
| Compensación resultados negativos de exerc. anteriores | -                   | 719.406,24          |
| Resultados negativos de exercicios anteriores          | - 614.037,45        | -                   |
| Dividendos   | 0,00                | 0,00                |
| Dotación Reserva legal                                 | -                   | 355.415,84          |
| Dotación Reservas Voluntarias                          | -                   | 2.479.336,35        |
| <b>Total</b>   | <b>- 614.037,45</b> | <b>3.554.158,43</b> |

### APLICACIONES

#### ADQUISICIONES DE INMOBILIZADO NON FINANCIERO

TIPOLOXÍA E IMPORTE DOS INVESTIMENTOS.

O orzamento de investimentos para o ano 2015 elaborouse co fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións. O importe previsto ascende a 3.620.000,00 euros.

| ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO | REAL              | ESTIMADO          | PREVISIÓN           |
|---|-------------------|-------------------|---------------------|
|   | 2013              | 2014              | 2015                |
| Aplicacións informáticas                    | 74.983,00         | 20.000,00         | 0                   |
| Terreos                                     | 133.186,39        | 0                 | 0                   |
| Construcións                                | 0                 | 0                 | 0                   |
| Instalacións industriais                    | 162676,33         | 415.000,00        | 3.620.000,00        |
| Outro inmovilizado material                 | 4289,00           | 15.000,00         | 0                   |
| <b>TOTAL</b>                                | <b>375.134,72</b> | <b>450.000,00</b> | <b>3.620.000,00</b> |

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as actuacións que se propón realizar.

Investimentos de substitución, renovación e seguridade.

Inclúense neste apartado os investimentos destinados a reformas e substitución de equipos do Complexo Ambiental de Cerceda que permitirán a continuidade do proxecto. Tamén se incluíron as actuacións que é imprescindible acometer no campo da seguridade de persoas e instalacións como consecuencia de novas esixencias na materia.

O importe total orzamentado é de 95.000,00€

Os investimentos en mellora de resultados se orzaméntanse en 725.000,00 euros, sendo o investimento mais destacado o tanque de tormenta (525.000,00 euros).

Os investimentos para a ampliación supoñen un importe de 2.800.000,00 euros, dentro dos cales destaca o importe da nova planta de recuperación de materiais valorizables a partir da fracción resto no Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC), cun importe de 2.300.000,00 euros, o que supón un 10% do orzamento total previsto.

#### ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO

| ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO FINANCEIRO |           | REAL        | ESTIMADO    | PREVISIÓN   |
|---|-----------|-------------|-------------|-------------|
| ORGANISMO DO S.P.                       | TIPO ADQ. | 2013        | 2014        | 2015        |
|   |           | 0,00        | 0,00        | 0,00        |
| <b>TOTAL</b>                            |           | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> |





ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

| Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007   | BALANCE ACTIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                |                |
|--|---|----------------------------------|----------------|----------------|
|  |   | REAL 2013                        | ESTIMADO 2014  | ORZAMENTO 2015 |
|  | <b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>   | <b>149.226</b>                   | <b>141.551</b> | <b>134.552</b> |
|  | <b>I. Inmobiliado intanxible</b>  | <b>499</b>                       | <b>464</b>     | <b>429</b>     |
| 201, (2801), (2901)  | 1. Desenvolvemento  |                                  |                |                |
| 202, (2802), (2902)  | 2. Concesións   | 134                              | 129            | 124            |
| 203, (2803), (2903)  | 3. Patentes, licencias, marcas e similares                              | 1                                | 1              |                |
| 204  | 4. Fondo de comercio  |                                  |                |                |
| 206, (2806), (2906)  | 5. Aplicacións informáticas   | 49                               | 44             | 39             |
| 205, 209, (2805), (2905)   | 6. Outro inmovilizado intanxible  | 315                              | 290            | 265            |
|  | <b>II. Inmobiliado material</b>   | <b>144.461</b>                   | <b>134.827</b> | <b>128.043</b> |
| 210, 211, (2811), (2910), (2911)   | 1. Terreos e construcións   | 11.516                           | 11.516         | 13.816         |
| 212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919) | 2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material                 | 132.945                          | 123.311        | 114.227        |
| 23   | 3. Inmovilizado en curso e anticipos                                    |                                  |                |                |
|  | <b>III. Investimentos inmobiliarios</b>                                 |                                  |                |                |
| 220, (2920)  | 1. Terreos  |                                  |                |                |
| 221, (282), (2921)   | 2. Construcións   |                                  |                |                |
|  | <b>IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo</b> |                                  |                |                |
| 2403, 2404, (2493), (2494), (293)  | 1. Instrumentos de patrimonio   |                                  |                |                |
| 2423, 2424, (2953), (2954)   | 2. Créditos a empresas  |                                  |                |                |
| 2413, 2414, (2943), (2944)   | 3. Valores representativos de débeda                                    |                                  |                |                |
|  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
|  | 5. Outros activos financeiros   |                                  |                |                |
|  | <b>V. Investimentos financeiros a longo prazo</b>                       | <b>189</b>                       | <b>2.184</b>   | <b>2.184</b>   |
| 2405, (2495), 250, (259)   | 1. Instrumentos de patrimonio   |                                  |                |                |
| 2425, 252, 253, 254, (2955), (298)   | 2. Créditos a terceiros   | 163                              | 2.157          | 2.157          |
| 2415, 251, (2945), (297)   | 3. Valores representativos de débeda                                    |                                  |                |                |
| 255  | 4. Derivados  |                                  |                |                |
| 258, 26  | 5. Outros activos financeiros   | 27                               | 27             | 27             |
| 474  | VI. Activos por imposto diferido  | 4.077                            | 4.077          | 3.897          |
|  | <b>B) ACTIVO CORRENTE</b>   | <b>52.460</b>                    | <b>52.836</b>  | <b>52.371</b>  |
| 580, 581, 582, 583, 584, (599)   | <b>I. Activos non correntes mantidos para a venda</b>                   |                                  |                |                |
|  | <b>II. Existencias</b>  |                                  |                |                |
| 30, (390)  | 1. Comerciais   |                                  |                |                |
| 31, 32, (391), (392)   | 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                           |                                  |                |                |
| 33, 34, (393), (394)   | 3. Productos en curso   |                                  |                |                |
| 35, (395)  | 4. Productos terminados   |                                  |                |                |
| 36, (396)  | 5. Subproductos, residuos e materias recuperados                        |                                  |                |                |
| 407  | 6. Anticipos a proveedores  |                                  |                |                |
|  | <b>III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar</b>                | <b>24.941</b>                    | <b>27.175</b>  | <b>26.005</b>  |
| 430, 435, 436, (437), (490), (4935)  | 1. Clientes por vendas e prestacións de servizos                        | 24.230                           | 27.175         | 26.005         |
| 433, 434, (4933), (4934)   | 2. Clientes, empresas do grupo e asociadas                              |                                  |                |                |
| 44, 5531, 5533   | 3. Debedores varios   | 66                               |                |                |
| 460, 544   | 4. Persoal  |                                  |                |                |
